

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

13846 *Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual.*

O Real decreto lei 10/2011, do 26 de agosto, de medidas urxentes para a promoción do emprego da mocidade, o fomento da estabilidade no emprego e o mantemento do programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa prestación por desemprego, modificou diversos aspectos da lexislación laboral. Entre esas modificacións, posúen especial relevancia as que afectan os denominados contratos para a formación regulados no artigo 11.2 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, que en virtude delas pasan a denominarse contratos para a formación e a aprendizaxe. Esta modalidade contractual configúrase como un instrumento destinado a favorecer a inserción laboral e a formación das persoas novas nun réxime de alternancia de actividade laboral retribuída nunha empresa con actividade formativa recibida no marco do sistema de formación profesional para o emprego ou do sistema educativo.

Pola súa vez, a Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, modificou a regulación do contrato para a formación e a aprendizaxe para potenciar o emprego xuvenil, suprimindo certas limitacións para a súa aplicación nas empresas que se consideraron pouco adecuadas.

A estes obxectivos contribúe igualmente o presente real decreto, que substitúe as disposicións regulamentarias anteriores relativas aos contratos de formación, e incorpora as modificacións derivadas das citadas reformas legais en relación con aqueles aspectos relativos ao contrato para a formación e a aprendizaxe que requiren un desenvolvemento regulamentario. En tal sentido, este real decreto dítase en uso da autorización prevista na disposición derradeira quinta do Estatuto dos traballadores e na disposición derradeira décimo novena da Lei 3/2012, do 6 de xullo.

Así mesmo, este real decreto pretende establecer as bases para a implantación progresiva da formación profesional dual en España, entendida como o conxunto de accións e iniciativas formativas que teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, combinando os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro de formación. Procede avanzar decididamente nunha formación profesional dual baseada nunha maior colaboración e participación das empresas nos sistemas de formación profesional, propiciando unha participación máis activa da empresa no propio proceso formativo do alumnado e, así, permitir que estas coñezan de maneira máis próxima a formación que recibe a mocidade, cada vez máis adaptada ás demandas dos sectores produtivos e ás necesidades específicas das empresas. Coa formación dual preténdese que a empresa e o centro de formación profesional estreiten os seus vínculos, sumen esforzos e favorezan unha maior inserción do alumnado no mundo laboral durante o período de formación.

Neste sentido, os artigos 6 e 11.3 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, especifican que a colaboración das empresas no desenvolvemento do Sistema nacional de cualificacións e formación profesional se desenvolverá, entre outros ámbitos, mediante a súa participación na formación dos alumnos nos centros de traballo, favorecendo a realización de prácticas profesionais dos alumnos en empresas e noutras entidades, e chaman a establecer os mecanismos adecuados para que a formación que reciba financiamento público a poidan ofrecer os centros ou directamente as empresas, mediante concertos, convenios, subvencións ou outros procedementos. E o artigo 42.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de

educación, prevé que o currículo das ensinanzas de formación profesional incluíra unha fase de formación práctica nos centros de traballo. A regulación deste real decreto no relativo á formación dual dítase, polo tanto, de conformidade co establecido na disposición derradeira terceira da Lei orgánica 5/2002 e na disposición derradeira sexta da Lei orgánica 2/2006, en relación co seu artigo 39.6.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as organizacións empresariais e sindicais máis representativas, emitiron informe o Consello Xeral da Formación Profesional, o Consello Xeral do Sistema Nacional de Emprego, o Consello Escolar do Estado, a Comisión Estatal de Formación para o Emprego e o Consello Xeral da Discapacidade, e foron informadas a Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais e a Conferencia Sectorial de Educación.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Emprego e Seguridade Social e de Educación, Cultura e Deporte, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 8 de novembro de 2012,

DISPOÑO:

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

1. O obxecto deste real decreto é o desenvolvemento regulamentario do contrato para a formación e a aprendizaxe, regulado no artigo 11.2 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo.

2. Así mesmo, é obxecto deste real decreto a regulación de determinados aspectos da formación profesional dual, que combina os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro de formación.

Artigo 2. *Definición de formación profesional dual.*

1. Para os efectos deste real decreto, entenderase por formación profesional dual o conxunto das accións e iniciativas formativas mixtas de emprego e formación que teñen por obxecto a cualificación profesional dos traballadores nun réxime de alternancia de actividade laboral nunha empresa coa actividade formativa recibida no marco do sistema de formación profesional para o emprego ou do sistema educativo.

2. Terá a consideración de formación profesional dual a actividade formativa inherente aos contratos para a formación e a aprendizaxe regulada no capítulo II do título II.

3. Así mesmo, terán consideración de formación profesional dual os proxectos desenvolvidos no ámbito do sistema educativo regulados no título III.

Artigo 3. *Modalidades de desenvolvemento da formación profesional dual.*

1. A formación profesional dual desenvolverase a través dalgunha das seguintes modalidades:

a) Formación exclusiva en centro formativo, que consiste en compatibilizar e alternar a formación que se adquire no centro de formación e a actividade laboral que se leva a cabo na empresa.

b) Formación con participación da empresa, consistente en que as empresas faciliten aos centros de formación os espazos, as instalacións ou os expertos para impartir total ou parcialmente determinados módulos profesionais ou módulos formativos.

c) Formación en empresa autorizada ou acreditada e en centro de formación, que consiste na impartición de determinados módulos profesionais ou módulos formativos na empresa, complementariamente aos que se impartan no centro de formación.

d) Formación compartida entre o centro de formación e a empresa, que consiste en coparticipar en distinta proporción nos procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro de formación. A empresa deberá dispor de autorización da Administración educativa e/ou da acreditación da Administración laboral correspondente para impartir este tipo de formación, e estará adscrita ao centro con que comparta a formación.

e) Formación exclusiva na empresa, que consiste en que a formación se imparte na súa totalidade na empresa de acordo co disposto no artigo 18.4.

2. As empresas autorizadas para impartir ciclos formativos de formación profesional someteranse a supervisión educativa, na forma que determinen as administracións educativas competentes.

3. No suposto de que a formación na empresa, prevista neste artigo, número 1, letras b, c), d) e e), se dirixa á obtención dun título de formación profesional, a avaliación do alumnado será responsabilidade dos profesores dos módulos profesionais do centro de adscrición, tendo en conta as achegas dos formadores da empresa e as actividades desenvolvidas nela. No suposto de que a formación se dirixa á obtención dun certificado de profesionalidade, a avaliación efectuarase de acordo co establecido no Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade.

Artigo 4. *Centros participantes.*

A actividade formativa inherente á formación profesional dual será impartida pola rede de centros de formación profesional a que se refire o artigo 18 e os centros a que se refire o artigo 29.

Artigo 5. *Duración da actividade formativa.*

A duración da actividade formativa inherente á formación profesional dual será, respectivamente, a establecida nos artigos 19 e 30.

TÍTULO II

Contrato para a formación e a aprendizaxe

CAPÍTULO I

Aspectos laborais aplicables ao contrato para a formación e a aprendizaxe

Artigo 6. *Requisitos subxectivos.*

O contrato para a formación e a aprendizaxe poderase subscribir con traballadores, maiores de dezaseis e menores de vinte e cinco anos, que carezan da cualificación profesional obtida e recoñecida polo sistema de formación profesional para o emprego ou do sistema educativo requirida para concertar un contrato en prácticas para o posto de traballo ou ocupación obxecto do contrato.

O límite máximo de idade non será de aplicación cando o contrato se concerte con persoas con discapacidade nin cos colectivos en situación de exclusión social previstos na Lei 44/2007, do 13 de decembro, para a regulación do réxime das empresas de inserción, nos casos en que sexan contratados por parte de empresas de inserción que estean cualificadas e activas no rexistro administrativo correspondente.

Artigo 7. *Formalización dos contratos.*

1. Os contratos para a formación e a aprendizaxe e os anexos relativos aos acordos para a actividade formativa a que se refire o artigo 21 deberanse formalizar por escrito nos modelos oficiais que establece o Servizo Público de Emprego Estatal.

2. O empresario deberá comunicar a formalización e finalización dos contratos e os seus anexos ao servizo público de emprego correspondente, no prazo de dez días desde a data de formalización ou finalización dos contratos.

Artigo 8. *Xornada.*

1. Os contratos para a formación e a aprendizaxe non se poderán celebrar a tempo parcial, de conformidade co establecido no artigo 12.2 do Estatuto dos traballadores.

2. O tempo de traballo efectivo, que deberá ser compatible co tempo dedicado ás actividades formativas, non poderá ser superior ao 75 por cento durante o primeiro ano, ou ao 85 por cento durante o segundo e terceiro ano, da xornada máxima prevista no convenio colectivo ou, no seu defecto, da xornada máxima legal.

3. Nos supostos en que a xornada diaria de traballo inclúa tanto tempo de traballo efectivo como actividade formativa, os desprazamentos necesarios para asistir ao centro de formación computarán como tempo de traballo efectivo non retribuído.

4. Os traballadores non poderán realizar horas extraordinarias, salvo nos supostos previstos no artigo 35.3 do Estatuto dos traballadores. Tampouco poderán realizar traballos nocturnos nin traballos a quendas.

Artigo 9. *Salario.*

A retribución dos traballadores contratados para a formación e a aprendizaxe será a establecida en convenio colectivo, fixada conforme o disposto no artigo 11.2.g) do Estatuto dos traballadores, e non poderá ser, en ningún caso, inferior ao salario mínimo interprofesional en proporción ao tempo de traballo efectivo.

Artigo 10. *Período de proba.*

1. Respecto ao período de proba nos contratos para a formación e a aprendizaxe, aplicarase o disposto con carácter xeral no artigo 14 do Estatuto dos traballadores.

2. Se ao termo do contrato a persoa traballadora continuar na empresa, non se poderá concertar un novo período de proba, e a duración do contrato para a formación e a aprendizaxe computarase para efectos de antigüidade na empresa.

Artigo 11. *Duración e prórroga dos contratos.*

A duración mínima do contrato será dun ano e a máxima de tres. Non obstante, mediante convenio colectivo poderanse establecer distintas duracións do contrato, en función das necesidades organizativas ou produtivas das empresas, sen que a duración mínima poida ser inferior a seis meses nin a máxima superior a tres anos. A empresa informará a representación legal das persoas traballadoras sobre as prórrogas subscritas.

En caso de que o contrato se concertase por unha duración inferior á máxima legal ou convencionalmente establecida, poderase prorrogar mediante acordo das partes ata por dúas veces, sen que a duración de cada prórroga poida ser inferior a seis meses e sen que a duración total do contrato poida exceder a duración máxima de tres anos.

Artigo 12. *Prórroga dos contratos que esgotasen a súa duración máxima.*

Os contratos para a formación e a aprendizaxe consideraranse prorrogados tacitamente como contratos ordinarios por tempo indefinido, salvo proba en contrario que acredite a natureza temporal da prestación, se a persoa traballadora continúa prestando servizos tras esgotar a duración máxima do contrato e non mediou denuncia expresa.

Artigo 13. *Extinción do contrato.*

Os contratos para a formación e a aprendizaxe extinguíranse por calquera das causas recollidas no artigo 49 do Estatuto dos traballadores.

Cando a causa sexa a expiración do tempo convido, requirirá denuncia previa dalgunha das partes. A parte que formule a denuncia deberá notificar á outra a terminación do contrato cunha antelación mínima de quince días á súa terminación.

O incumprimento pola empresa do prazo sinalado no parágrafo anterior dará lugar a unha indemnización á persoa traballadora equivalente ao salario correspondente aos días en que ese prazo se incumprise.

Artigo 14. *Presuncións.*

1. Presumiranse celebrados por tempo indefinido e a xornada completa os contratos para a formación e a aprendizaxe cando non se observasen as exixencias de formalización escrita, salvo proba en contrario que acredite a súa natureza temporal.

2. Adquirirán a condición de persoas traballadoras fixas e a xornada completa as contratadas para a formación e a aprendizaxe que non fosen dadas de alta na Seguridade Social, unha vez transcorrido un prazo igual ao que legalmente poderían ter fixado para o período de proba, salvo que da propia natureza das actividades ou dos servizos contratados se deduza claramente a súa duración temporal.

3. Presumiranse por tempo indefinido e a xornada completa os contratos para a formación e a aprendizaxe celebrados en fraude de lei.

Artigo 15. *Contratos para a formación e a aprendizaxe previos.*

1. A empresa poderá requirir por escrito, antes de celebrar os contratos regulados no presente real decreto, unha certificación do servizo público de emprego competente en que conste o tempo que a persoa traballadora estivo contratada na modalidade do contrato para a formación e a aprendizaxe con anterioridade á contratación que se pretende realizar e a actividade laboral ou ocupación obxecto da cualificación profesional asociada ao contrato. Para efectos deste cómputo, teranse en conta, así mesmo, os períodos que, de ser o caso, a persoa traballadora estivese contratada baixo a modalidade do contrato para a formación.

2. O servizo público de emprego competente emitirá a correspondente certificación no prazo de dez días desde a data de solicitude. En caso de que no transcurso dese prazo non se emitise a referida certificación, a empresa quedará exenta de responsabilidade pola celebración do contrato incumprindo os requisitos de duración máxima do contrato para a mesma actividade laboral e ocupación, segundo o establecido no artigo 11.2.c), do Estatuto dos traballadores, salvo que a empresa tivese coñecemento, polo traballador ou por outras vías de información suficiente, de que esa celebración poida supor incorrer no mencionado incumprimento.

CAPÍTULO II

Aspectos formativos do contrato para a formación e a aprendizaxe

Artigo 16. *Actividade formativa do contrato para a formación e a aprendizaxe.*

1. A actividade formativa inherente ao contrato para a formación e a aprendizaxe, que ten como obxectivo a cualificación profesional das persoas traballadoras nun réxime de alternancia coa actividade laboral retribuída nunha empresa, será a necesaria para a obtención dun título de formación profesional de grao medio ou superior ou dun certificado de profesionalidade ou, de ser o caso, certificación académica ou acreditación parcial acumulable.

2. A empresa estará obrigada a proporcionar á persoa traballadora un traballo efectivo relacionado co perfil profesional do título de formación profesional ou do certificado de profesionalidade e a garantir as condicións que permitan a súa asistencia aos programas formativos determinados no acordo para a actividade formativa anexo ao contrato. Pola súa parte, a persoa traballadora contratada para a formación e a aprendizaxe estará obrigada a prestar o traballo efectivo e a participar de maneira efectiva

na actividade formativa relacionada. As faltas de puntualidade ou de asistencia non xustificadas da persoa traballadora ás actividades formativas poderán ser cualificadas como faltas ao traballo para os efectos legais oportunos.

3. A actividade formativa inherente ao contrato para a formación e a aprendizaxe estará relacionada coa actividade laboral desempeñada no posto de traballo que ocupe a persoa traballadora, a cal deberá reunir os requisitos de acceso establecidos na correspondente normativa para cursar as ensinanzas desa actividade formativa.

4. Previamente á formalización do contrato de traballo, a empresa deberá verificar que, para o traballo efectivo que vaia realizar a persoa traballadora, existe unha actividade formativa relacionada con el que se corresponde cun título de formación profesional de grao medio ou superior ou cun certificado de profesionalidade e que constituirá a actividade formativa inherente ao contrato.

En todo caso, as empresas requirirán dos servizos públicos de emprego as actuacións de información e orientación previstas no artigo 22 co obxecto de coñecer a oferta de centros de formación dispoñibles para impartir a formación inherente ao contrato.

5. As persoas traballadoras contratadas estarán exentas totalmente de realizar o módulo de formación práctica dos certificados de profesionalidade. Cando a formación inherente ao contrato para a formación e a aprendizaxe se dirixa á obtención de títulos de formación profesional, as persoas traballadoras estarán exentas total ou parcialmente de realizar o módulo profesional de formación en centros de traballo dos títulos de formación profesional. En ambos os supostos, os citados módulos entenderanse realizados polo traballo en alternancia.

Para a exención total do módulo profesional de formación en centros de traballo dos títulos de formación profesional, a duración do contrato inicial e as súas prórrogas deberá ser como mínimo dun ano.

En todo caso, a actividade laboral deberá estar relacionada co contido formativo do módulo de formación práctica do correspondente certificado de profesionalidade ou do módulo de formación en centros de traballo do título que corresponda.

6. Entre as actividades formativas poderase incluír formación non referida ao Catálogo nacional de cualificacións profesionais para dar resposta tanto ás necesidades das persoas traballadoras, como ás das empresas. Esta formación deberá ser autorizada polo servizo público de emprego competente e non se considerará como traballo efectivo.

7. A actividade formativa do contrato para a formación e a aprendizaxe será autorizada previamente ao seu inicio polo servizo público de emprego competente. Para estes efectos, a empresa deberá presentar o correspondente acordo para a actividade formativa previsto no artigo 21.

8. Cando unha mesma empresa realice contratos para a formación e a aprendizaxe en máis dunha comunidade autónoma, a autorización do acordo para a actividade formativa será concedida polo Servizo Público de Emprego Estatal. Nese caso, o seguimento e a avaliación desa actividade formativa serán realizados polo Servizo Público de Emprego Estatal.

9. As autorizacións recollidas nos números 6, 7 e 8 anteriores serán resoltas polo servizo público de emprego competente no prazo dun mes desde a data de presentación do acordo para a actividade formativa. A non resolución nese prazo lexítima os interesados para entender estimada a súa solicitude por silencio administrativo.

Artigo 17. *Modalidades de impartición.*

1. Co fin de facilitar a súa adecuación ao réxime de alternancia coa actividade laboral na empresa, as actividades formativas inherentes aos contratos para a formación e a aprendizaxe poderanse ofertar e impartir, no ámbito da formación profesional para o emprego, nas modalidades presencial, teleformación ou mixta, e no ámbito educativo, en réxime presencial ou a distancia, de acordo, en cada caso, co disposto na normativa reguladora da formación profesional dos certificados de profesionalidade ou do sistema educativo. Así mesmo, estas actividades formativas poderanse concentrar, nos termos

que acorden de forma expresa as partes contratantes, en determinados períodos de tempo respecto á actividade laboral durante a vixencia do contrato.

2. As actividades formativas poderanse organizar cunha distribución temporal flexible que, en todo caso, deberá garantir que o traballador poida cursar os módulos profesionais do ciclo formativo ou os módulos formativos do certificado de profesionalidade.

Artigo 18. *Rede de centros de formación profesional.*

1. A formación inherente ao contrato para a formación e a aprendizaxe deberá ser impartida directamente por un centro de formación profesional daqueles a que se refire a disposición adicional quinta da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.

2. No caso dos centros do sistema educativo, será suficiente que a Administración educativa comunique ao servizo público de emprego competente os centros dispoñibles para desenvolver as actividades formativas dos contratos para a formación e a aprendizaxe.

3. Os servizos públicos de emprego incluírán nos rexistros recollidos no artigo 9.2 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, os centros acreditados para poder impartir a formación inherente ao contrato para a formación e a aprendizaxe, ou farán constar esta condición de acreditados nos centros xa incluídos no dito rexistro. En todo caso, estes centros deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa acreditación na normativa reguladora dos certificados de profesionalidade.

4. A formación inherente ao contrato para a formación e a aprendizaxe tamén se poderá impartir na propia empresa cando dispoña de instalacións adecuadas e persoal con formación técnica e didáctica adecuada para os efectos da acreditación da competencia ou cualificación profesional, sen prexuízo da necesidade, de ser o caso, de realización de períodos de formación complementaria nos centros da rede mencionada. En todo caso, a empresa deberá estar autorizada para ofertar a formación de ciclos formativos e/ou acreditada como centro para impartir a formación dirixida á obtención de certificados de profesionalidade, para o cal deberá reunir os requisitos establecidos na normativa de aplicación, así como as condicións que poidan determinar as administracións educativas e laborais no ámbito das súas competencias.

Artigo 19. *Duración da actividade formativa.*

1. A duración da actividade formativa será, polo menos, a necesaria para a obtención do título de formación profesional, do certificado de profesionalidade ou da certificación académica ou acreditación parcial acumulable, e especificarase no acordo para a actividade formativa anexo ao contrato. En todo caso, deberase respectar a duración da formación asociada que se establece para cada un dos módulos profesionais que constitúen as ensinanzas dos títulos na norma que desenvolve o currículo correspondente ou a duración dos módulos formativos dos certificados de profesionalidade que se determina nos correspondentes reais decretos polos cales estes se establecen.

2. O período de formación desenvolverase durante a vixencia do contrato para formación e a aprendizaxe.

Artigo 20. *Titorías vinculadas ao contrato.*

1. A persoa titular da empresa deberá tutelar o desenvolvemento da actividade laboral, xa sexa asumindo persoalmente esa función, cando desenvolva a súa actividade profesional na empresa, xa sexa designando, entre o seu cadro de persoal, unha persoa que exerza a titoría, sempre que, en ambos os casos, esta posúa a cualificación ou experiencia profesional adecuada.

2. A persoa que exerza a titoría na empresa será responsable do seguimento do acordo para a actividade formativa anexo ao contrato, da coordinación da actividade

laboral coa actividade formativa, e da comunicación co centro de formación; ademais, deberá elaborar, ao finalizar a actividade laboral da persoa traballadora, un informe sobre o desempeño do posto de traballo.

3. O centro formativo designará unha persoa, profesora ou formadora, como titora responsable da programación e do seguimento da formación, así como da coordinación da avaliación cos profesores e/ou titores que interveñen. Así mesmo, esta persoa será a interlocutora coa empresa para o desenvolvemento da actividade formativa e laboral establecida no contrato.

Artigo 21. Acordo para a actividade formativa no contrato para a formación e a aprendizaxe.

1. As empresas que celebren contratos para a formación e a aprendizaxe deberán subscribir simultaneamente un acordo co centro de formación ou órgano designado pola Administración educativa ou laboral que imparta a formación e coa persoa traballadora, que se anexará ao contrato de traballo, no cal, polo menos, se consignarán e se convirán os seguintes aspectos:

- a) Identificación da persoa que representa o centro formativo, da que representa a empresa e da persoa traballadora que subscriben o acordo.
- b) Identificación das persoas que exercen a titoría da empresa e do centro formativo.
- c) Expresión detallada do título de formación profesional, certificado de profesionalidade ou certificación académica ou acreditación parcial acumulable obxecto do contrato e expresión detallada da formación complementaria asociada ás necesidades da empresa ou da persoa traballadora, cando así se prevexa.
- d) Indicación da modalidade de impartición da formación: presencial, a distancia, teleformación ou mixta.
- e) Indicación da correspondente modalidade de desenvolvemento da formación profesional inherente ao contrato para a formación e a aprendizaxe, das previstas no artigo 3.
- f) Contido do programa de formación, con expresión das actividades que se desenvolven na empresa e no centro formativo, profesorado e forma e criterios de avaliación.
- g) Calendario, xornada, programación e horarios en que a persoa traballadora realizará a súa actividade laboral na empresa e a súa actividade formativa.
- h) Criterios para a conciliación das vacacións a que ten dereito a persoa traballadora na empresa e dos períodos non lectivos no centro de formación.

2. A empresa informará a representación legal das persoas traballadoras sobre os acordos subscritos, indicando, polo menos, as persoas contratadas para a formación e a aprendizaxe, o posto de traballo que se vai desempeñar e o contido da actividade formativa.

3. No suposto de que a formación se imparta na propia empresa, segundo o recollido no artigo 18.4, o acordo subscribírase entre a empresa e a persoa traballadora, e o seu contido adecuarase a este suposto.

Artigo 22. Información e orientación.

1. Corresponde aos servizos públicos de emprego, en colaboración coas administracións educativas, nos seus respectivos ámbitos de competencias, informar e orientar as empresas e persoas traballadoras das posibilidades desta contratación e das posibilidades de formación, así como orientalas para facilitar un adecuado axuste entre as características do posto de traballo ofertado pola empresa e os centros de formación dispoñibles para impartir a formación inherente ao contrato, facilitando información que axude a relacionar o dito posto de traballo e a praza de formación vinculada a el.

2. Para estes efectos, os servizos públicos de emprego establecerán os medios específicos para garantir estes servizos de información e orientación, coordinarán a

información relativa ás empresas que demandan celebrar contratos para a formación e a aprendizaxe e aos centros formativos recoñecidos para impartir a formación vinculada a estes contratos. A prestación destes servizos poderase realizar directamente, nunha sede física, a través dunha páxina web ou de calquera outro medio que garanta a súa difusión. En todo caso, o establecemento destes servizos efectuarase, exclusivamente, cos medios de que dispoñan os ditos servizos públicos de emprego.

Así mesmo, os servizos públicos de emprego, en colaboración coas administracións educativas, nos seus respectivos ámbitos de competencias, coordinarán a información sobre os postos de traballo ofertados polas empresas, os centros de formación dispoñibles, as posibilidades de formación en todo o territorio nacional e a igualdade no acceso á información.

Artigo 23. *Acreditación da cualificación.*

1. A cualificación ou competencia profesional adquirida a través do contrato para a formación e a aprendizaxe será obxecto de acreditación nos termos previstos no artigo 11.2.e) do Estatuto dos traballadores.

2. Cando a actividade formativa inherente ao contrato inclúa formación complementaria impartida pola empresa, esta poderá, de ser o caso, ser obxecto de recoñecemento de acordo co procedemento establecido no Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas pola experiencia laboral.

3. As cualificacións ou competencias profesionais adquiridas a través do contrato para a formación e a aprendizaxe quedarán recollidas no Sistema de información dos servizos públicos de emprego.

Artigo 24. *Financiamento e xestión.*

A actividade formativa inherente ao contrato para a formación e aprendizaxe realizarase con cargo aos orzamentos do Servizo Público de Emprego Estatal nos seguintes supostos:

1. As empresas poderán financiar o custo da formación inherente ao contrato para a formación e a aprendizaxe mediante bonificacións nas cotizacións empresariais á Seguridade Social, con cargo á partida prevista no orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal para o financiamento das bonificacións nas cotizacións da Seguridade Social acollidas a medidas de fomento de emprego por contratación laboral.

Mediante orde ministerial do Ministerio de Emprego e Seguridade Social estableceranse as contías máximas que poderán ser obxecto de bonificación e os trámites e requisitos que deberán cumprir os centros impartidores da formación e as empresas que apliquen para si as citadas bonificacións, así como os supostos nos cales sexa posible o financiamento da actividade formativa mediante bonificacións e mediante convenio de colaboración.

2. O Servizo Público de Emprego Estatal poderá conceder subvencións ás comunidades autónomas e, de ser o caso, ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, para financiar os custos adicionais que para esas administracións poida supor a impartición da actividade formativa nos contratos para a formación e a aprendizaxe, respecto do custo efectivo das actividades formativas que se imparten con carácter gratuíto. Estas subvencións serán outorgadas por concesión directa atendendo ao seu carácter singular por interese público, económico e social dos contratos para a formación e a aprendizaxe, de acordo co disposto nos artigos 22.2.c) e 28 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e artigo 67 do seu regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Para estes efectos subscribiranse convenios entre as administracións educativas e laborais competentes, que incluírán aspectos relacionados coa xestión e co financiamento

dos custos adicionais que para esas administracións deriven da impartición da actividade formativa nos contratos para a formación e a aprendizaxe.

En ningún caso serán obxecto de subvención polo Servizo Público de Emprego Estatal as actividades de información e orientación previstas no artigo 22.

3. No exercicio orzamentario en que este real decreto entre en vigor formalizaranse os respectivos convenios coas comunidades autónomas que acrediten a existencia de custos adicionais con posterioridade á citada entrada en vigor, incluíndo un importe máximo estimado en cada un destes convenios.

Os convenios de colaboración formalizaranse principalmente no primeiro trimestre de cada ano natural e darán cobertura aos gastos realizados en todo o exercicio. Farase constar neles un importe máximo en función dos custos adicionais existentes no exercicio inmediatamente anterior, e aborranse os importes ás comunidades autónomas coa periodicidade establecida nos propios convenios logo de xustificación por parte delas dos custos en que efectivamente incorreron.

4. Os créditos con que se financiarán estes custos adicionais non terán o carácter de fondos de emprego de ámbito nacional a que se refire o artigo 14 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, polo que non será de aplicación o establecido no artigo 86.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, sobre a territorialización anual para a súa xestión polas comunidades autónomas.

5. O financiamento da actividade formativa estará suxeito en todo caso á existencia de dispoñibilidades orzamentarias, salvo que os créditos destinados a financiar esta actividade teñan a consideración de ampliables nos termos establecidos no artigo 54 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

En todo caso, non será de aplicación ao financiamento da actividade formativa dos contratos para a formación e a aprendizaxe o réxime de financiamento, mediante bonificacións nas cotas da Seguridade Social, previsto para a formación de demanda no artigo 12 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo.

6. A xestión da actividade formativa, incluíndo a súa autorización, seguimento e avaliación, corresponde aos servizos públicos de emprego das comunidades autónomas e ao Servizo Público de Emprego Estatal, nos seus respectivos ámbitos de xestión. En todo caso, o control das bonificacións previstas no número 1 corresponderá ao Servizo Público de Emprego Estatal. O incumprimento polo empresario das obrigas derivadas da actividade formativa inherente ao contrato para a formación e a aprendizaxe implicará o reintegro das bonificacións aplicadas.

Artigo 25. Avaliación, seguimento da formación e probas finais de avaliación dos certificados de profesionalidade vinculados aos contratos para a formación e a aprendizaxe.

1. Sen prexuízo do disposto no artigo 14 do Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade, os servizos públicos de emprego, no marco do seguimento da actividade formativa do contrato para a formación e a aprendizaxe, garantirán o desenvolvemento de procesos de avaliación que aseguren os resultados de aprendizaxe definidos nas capacidades e criterios de avaliación de cada un dos módulos formativos que inclúen os certificados de profesionalidade.

2. Os módulos formativos a que se refire o número anterior, cando se desenvolvan mediante teleformación, en todo ou en parte, requirirán a definición e realización dunha proba final de carácter presencial nos termos definidos no artigo 10 do Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro.

3. Os servizos públicos de emprego realizarán o seguimento e control da formación para a obtención dos certificados de profesionalidade vinculada aos contratos de formación e aprendizaxe.

CAPÍTULO III

Normas de seguridade social

Artigo 26. *Alcance da protección social.*

1. De conformidade co establecido no artigo 11.2.h) do Estatuto dos traballadores, a acción protectora da seguridade social do traballador contratado para a formación e a aprendizaxe comprenderá todas as continxencias, situacións protexibles e prestacións, incluído o desemprego.

2. Así mesmo, terase dereito á cobertura do Fondo de Garantía Salarial.

Artigo 27. *Cotización á Seguridade Social e outros conceptos de recadación conxunta.*

1. En aplicación do disposto no número 2 da disposición adicional quinta do Real decreto lei 10/2011, do 26 de agosto, a cotización á Seguridade Social, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional nos contratos para a formación e a aprendizaxe efectuarase na forma e contía que se determine na Lei de orzamentos xerais do Estado. A cotización pola continxencia de desemprego efectuarase de acordo co disposto na disposición adicional cuadraxésimo novena do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

2. As retribucións que, no suposto previsto no artigo 35.3 do Estatuto dos traballadores, perciban as persoas traballadoras contratadas para a formación e a aprendizaxe en concepto de horas extraordinarias estarán suxeitas á cotización adicional correspondente.

TÍTULO III

Formación profesional dual do sistema educativo

Artigo 28. *Obxecto e finalidades.*

1. O obxecto deste título é establecer o marco para o desenvolvemento de proxectos de formación profesional dual no sistema educativo, coa coparticipación dos centros educativos e das empresas, cando non medie un contrato para a formación e a aprendizaxe.

2. O desenvolvemento de proxectos de formación profesional dual terá as seguintes finalidades:

a) Incrementar o número de persoas que poidan obter un título de ensino secundario postobrigatorio a través das ensinanzas de formación profesional.

b) Conseguir unha maior motivación no alumnado e diminuír o abandono escolar temperán.

c) Facilitar a inserción laboral como consecuencia dun maior contacto coas empresas.

d) Incrementar a vinculación e corresponsabilidade do tecido empresarial coa formación profesional.

e) Potenciar a relación do profesorado de formación profesional coas empresas do sector e favorecer a transferencia de coñecementos.

f) Obter datos cualitativos e cuantitativos que permitan a toma de decisións en relación coa mellora da calidade da formación profesional.

3. Os proxectos que non se desenvolvan no marco do establecido neste real decreto deberán cumprir o establecido no artigo 120.5 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Artigo 29. Centros participantes.

1. Poderán participar nestes proxectos os centros docentes autorizados para impartir ciclos formativos de formación profesional e que establezan convenios de colaboración con empresas do sector correspondente, de acordo co que determine a normativa autonómica.

2. Os proxectos de formación profesional dual levaranse a cabo en centros educativos con contornos produtivos que reúnan requisitos idóneos para a súa aplicación, de conformidade:

- a) Coas características da actividade profesional a que responde o ciclo formativo.
- b) Coas características das empresas do contorno do centro educativo.
- c) Coas características da formación implicada en cada ciclo formativo.

Artigo 30. Programa de formación.

1. O convenio suscrito coa empresa colaboradora, a que se refire o artigo 31, especificará a programación para cada un dos módulos profesionais. Deberá incluír, polo menos, as actividades que se realizarán no centro e na empresa, a súa duración e os criterios para a súa avaliación e cualificación. A programación permitirá a adquisición dos resultados de aprendizaxe establecidos.

2. Establecerase un mínimo do 33% das horas de formación establecidas no título con participación da empresa. Esta porcentaxe poderase ampliar en función das características de cada módulo profesional e da empresa participante.

3. A duración do ciclo formativo poderase ampliar ata tres anos.

4. O alumno deberá cursar previamente a formación necesaria que garanta o desenvolvemento da formación na empresa con seguridade e eficacia.

5. A actividade formativa na empresa e no centro educativo coordinarase mediante reunións mensuais de control en que se fará seguimento de cada un dos alumnos. Para iso, estableceranse as titorías a que se refire o artigo 20 deste real decreto.

6. A avaliación do alumnado será responsabilidade dos profesores dos módulos profesionais do centro de adscrición, tendo en conta as achegas dos formadores da empresa e o resultado das actividades desenvolvidas nela.

Artigo 31. Convenios coas empresas.

1. O proxecto de formación profesional dual deberá ser autorizado pola Administración educativa correspondente e formalizarase a través dun convenio coa empresa colaboradora nas condicións que as administracións educativas establezan. O convenio recollerá, como mínimo, os seguintes aspectos:

- a) O programa de formación.
- b) O número de alumnos participantes.
- c) O réxime de bolsas.
- d) A xornada e o horario no centro e na empresa.
- e) As condicións que deben cumprir empresas, alumnos, profesores e titores.
- f) Os seguros necesarios para o alumnado e o profesorado para a cobertura da formación.

2. Cando o ámbito de aplicación do proxecto de formación profesional dual presentado por unha empresa afecte máis dunha comunidade autónoma, a súa autorización corresponderá ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

Artigo 32. Dereitos e deberes.

Os estudantes e, en caso de seren menores de idade, os titores legais terán dereito á adecuada información e orientación sobre os proxectos en que participen.

Os alumnos e titores legais, de ser o caso, deberán adoptar o compromiso de cumprir as condicións do proxecto e da empresa participante establecidas no convenio.

O alumno terá obrigación de cumprir o calendario, a xornada e o horario establecidos no programa.

No caso de que os alumnos non superen algún dos módulos profesionais, as administracións educativas, no marco da normativa vixente, establecerán as medidas necesarias para lles facilitar a obtención do título; entre outras, a ampliación da duración do proxecto, o traslado de centro ou a finalización do programa formativo nun centro educativo.

Artigo 33. *Bolsas.*

Os alumnos poderán recibir bolsas das empresas, institucións, fundacións, etc., e/ou das administracións, na forma que se determine para cada proxecto.

Artigo 34. *Seguimento e avaliación.*

1. As administracións educativas responsabilizaranse de realizar o seguimento e a avaliación destes proxectos.

2. Para realizar o seguimento e avaliación do conxunto de proxectos de formación profesional dual, a Dirección Xeral de Formación Profesional do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, en colaboración coas comunidades autónomas, establecerá os mecanismos de recollida e tratamento da información obtida tras o desenvolvemento e a implantación dos proxectos, así como os mecanismos para a súa difusión.

3. Os instrumentos da avaliación de cada proxecto deberán recoller, polo menos, a información sobre os alumnos participantes; os alumnos que abandonan e os alumnos que culminan con éxito o programa de formación previsto; e os alumnos que continúan na empresa ao termo dos dous anos posteriores á finalización do proxecto desempeñando funcións relacionadas co ciclo formativo cursado, entre outros. Esta información deberá ser transmitida á Dirección Xeral de Formación Profesional do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

Disposición adicional primeira. *Particularidades en determinados contratos para a formación e a aprendizaxe.*

1. Os contratos para a formación e a aprendizaxe que se subscriban no marco das accións e medidas establecidas no artigo 25.1, letra d), da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, incluíndo escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego ou outras que se poidan aprobar, axustaranse ao disposto neste real decreto, coas seguintes particularidades:

a) De acordo co disposto no número 2 da disposición adicional décimo novena do Estatuto dos traballadores, non será de aplicación o límite máximo de idade nin o mínimo e máximo de duración establecidos, respectivamente, no artigo 11.2.a) e b) do Estatuto dos traballadores. Tampouco serán de aplicación os límites establecidos na citada letra b) respecto do número e da duración das prórrogas. A duración dos contratos e as súas posibles prórrogas adecuaranse á normativa reguladora das accións e medidas previstas nesta disposición adicional. Así mesmo, respecto do límite de duración destes contratos, as situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo, maternidade, adopción ou acollemento, risco durante a lactación e paternidade non interromperán o cómputo da duración do contrato.

b) O financiamento das accións formativas correspondentes a estes contratos regularase polas disposicións reguladoras das accións e medidas recollidas nesta disposición adicional.

2. En función do establecido na disposición adicional terceira da Lei 35/2010, do 17 de setembro, de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo, os contratos

para a formación e a aprendizaxe subscritos con alumnos traballadores nos programas de escolas obradoiro, casas de oficio e obradoiros de emprego e demais accións e medidas establecidas no artigo 25.1.d) da Lei 56/2003, do 16 de decembro, non cotizarán nin estarán protexidos pola continxencia de desemprego.

3. A actividade formativa nestes contratos, nos supostos en que non exista título de formación profesional ou certificado de profesionalidade relacionados co traballo efectivo que se vaia realizar, poderá estar constituída polos contidos formativos autorizados polos servizos públicos de emprego competentes.

Disposición adicional segunda. *Contratos para a formación e a aprendizaxe concertados con persoas con discapacidade.*

1. Os contratos para a formación e a aprendizaxe que celebren as empresas con persoas con discapacidade axustaranse ao establecido no artigo 11 do Estatuto dos traballadores e neste real decreto, coas seguintes peculiaridades:

a) Para os efectos deste real decreto enténdese por persoa con discapacidade aquela que teña recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento.

Así mesmo, considerarase que presentan unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por cento os pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou grande invalidez, e os pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

A acreditación do grao de discapacidade e, de ser o caso, do tipo de discapacidade, realizarase de acordo co disposto no Real decreto 1414/2006, do 1 de decembro, polo que se determina a consideración de persoa con discapacidade para os efectos da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

b) A duración máxima do contrato poderase ampliar, logo de informe favorable do servizo público de emprego competente, que para estes efectos poderá requirir informe dos equipos técnicos de valoración e orientación da discapacidade competentes, cando, debido ao tipo e grao de discapacidade e demais circunstancias individuais e profesionais do traballador, así como as características do proceso formativo que se vaia realizar, o traballador non alcanzase o nivel mínimo de coñecementos requiridos para desempeñar o posto de traballo sen que, en ningún caso, poida exceder os catro anos.

c) Cando o traballador contratado para a formación e a aprendizaxe sexa unha persoa con discapacidade intelectual, ata un 25% do tempo de traballo efectivo poderá dedicarse á realización de procedementos de rehabilitación, habilitación ou de axuste persoal e social.

d) No desenvolvemento deste real decreto as administracións competentes adoptarán aquelas medidas de adaptación que sexan necesarias para facilitar e incentivar a subscrición de contratos para a formación e a aprendizaxe coas persoas con discapacidade e o desenvolvemento das actividades formativas vinculadas.

e) Nos supostos en que a formación vaia dirixida á obtención dun título de formación profesional será de aplicación, para efectos da flexibilización da oferta e as condicións de accesibilidade das persoas con discapacidade, o disposto no artigo 41.3 e na disposición adicional segunda do Real decreto 1147/2011, do 29 de xullo. Cando a formación se dirixa á obtención dun certificado de profesionalidade observarase, para efectos da realización de ofertas formativas adaptadas ás necesidades específicas das persoas con discapacidade, o establecido na disposición adicional segunda do Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade.

f) Os centros en que se imparta a formación inherente aos contratos para a formación e a aprendizaxe para persoas con discapacidade disporán das condicións que posibiliten o acceso, a circulación e a comunicación das persoas con discapacidade, de acordo co disposto na lexislación aplicable en materia de inclusión, igualdade de

oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal, sen prexuízo dos axustes razoables que se deban adoptar, de maneira que se garanta a plena igualdade no traballo.

g) As persoas con discapacidade intelectual poderán realizar no posto de traballo ou en procesos formativos presenciais a formación de módulos formativos que non sexan a distancia.

Disposición adicional terceira. *Matriculación dos alumnos en centros de formación do sistema educativo.*

As administracións educativas tomarán as medidas oportunas para facilitar a matrícula das persoas traballadoras que subscriban un contrato para a formación e a aprendizaxe, que poderán ser:

a) A reserva de prazas nos centros educativos e na oferta a distancia a favor destas persoas, que se poderán ofertar ao resto de colectivos se non fosen cubertas ao mes de comezar o curso.

b) A admisión da matrícula en calquera momento do ano.

Disposición adicional cuarta. *Referencias aos servizos públicos de emprego.*

Para os efectos da presente norma, entenderase que as referencias que se fan ao longo dela aos servizos públicos de emprego competentes ou correspondentes son ao Servizo Público de Emprego Estatal no ámbito territorial das cidades autónomas de Ceuta e Melilla, e aos servizos públicos de emprego de cada unha das comunidades autónomas en función do seu territorio.

Disposición adicional quinta. *Adaptación dos requisitos para a acreditación de empresas de menos de 5 traballadores.*

Regulamentariamente regularase a modulación dos requisitos mínimos de espazos, instalacións e equipamentos ao número de traballadores que se van formar, cando unha empresa de menos de 5 traballadores solicite a acreditación para a impartición de certificados de profesionalidade de nivel 1 aos seus propios traballadores a través do contrato para a formación e a aprendizaxe.

Disposición transitoria primeira. *Contratos para a formación vixentes.*

A formación teórica dos contratos para a formación concertados con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto lei 10/2011, do 26 de agosto, rexerese pola normativa legal ou convencional vixente na data en que se celebraron.

Disposición transitoria segunda. *Actividade formativa nos contratos para a formación e a aprendizaxe vixentes.*

1. Nos contratos para a formación e a aprendizaxe subscritos desde o 31 de agosto de 2011 ata o 12 de febreiro de 2012, nos supostos en que exista título de formación profesional ou certificado de profesionalidade relacionados co traballo efectivo que se vaia realizar, e centros formativos dispoñibles para a súa impartición, a actividade formativa inherente a estes contratos iniciárase, logo de solicitude por parte da empresa, unha vez que a autorizasen os servizos públicos de emprego das comunidades autónomas. Esta autorización comunicárase ao Servizo Público de Emprego Estatal para os efectos do control da aplicación das bonificacións correspondentes.

Nos supostos en que non exista título de formación profesional ou certificado de profesionalidade relacionados co traballo efectivo que se vaia realizar, ou centros formativos dispoñibles para a súa impartición, a actividade formativa inherente a estes contratos estará constituída polos contidos mínimos orientativos establecidos no ficheiro de especialidades formativas, accesible para a súa consulta na páxina web do Servizo

Público de Emprego Estatal, www.sepe.es, e nas dos servizos públicos de emprego correspondentes das comunidades autónomas, para as ocupacións ou especialidades relativas á actividade laboral prevista no contrato. No seu defecto, estará constituída polos contidos formativos determinados polas empresas ou comunicados por estas ao Servizo Público de Emprego Estatal, para os efectos da súa validación no marco do Sistema Nacional de Emprego.

Nos supostos previstos no parágrafo anterior, a duración da actividade formativa adecuarase ás características da actividade laboral que se vaia desempeñar, e respectará, en todo caso, o número de horas establecido polo Servizo Público de Emprego Estatal para as especialidades formativas adecuadas a esa actividade laboral.

Nos supostos previstos no parágrafo segundo, a formación inherente ao contrato deberá realizala a empresa directamente ou a través dos centros autorizados polo Servizo Público de Emprego Estatal e os servizos públicos de emprego correspondentes das comunidades autónomas.

A cualificación ou competencia profesional adquirida a través do contrato para a formación e a aprendizaxe, nos supostos previstos no parágrafo segundo, será obxecto de acreditación nos termos previstos no artigo 11.2 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego.

2. Nos contratos para a formación e a aprendizaxe subscritos desde o 12 de febreiro de 2012, nos supostos en que exista título de formación profesional ou certificado de profesionalidade relacionados co traballo efectivo que se vaia realizar, e centros formativos dispoñibles para a súa impartición, a actividade formativa inherente a estes contratos iniciárase, logo de solicitude por parte da empresa, unha vez que o autorizasen os servizos públicos de emprego das comunidades autónomas ou o Servizo Público de Emprego Estatal no ámbito das súas respectivas competencias. Os servizos públicos de emprego das comunidades autónomas comunicarán esta autorización ao Servizo Público de Emprego Estatal para os efectos do control da aplicación das bonificacións correspondentes.

Nos contratos para a formación e a aprendizaxe que se subscriban nos doce meses seguintes ao 12 de febreiro de 2012, nos supostos en que non exista título de formación profesional ou certificado de profesionalidade relacionados co traballo efectivo que se vaia realizar, ou centros formativos dispoñibles para a súa impartición, a actividade formativa inherente a estes contratos estará constituída polos contidos mínimos orientativos establecidos no ficheiro de especialidades formativas, accesible para a súa consulta na páxina web do Servizo Público de Emprego Estatal, www.sepe.es, e nas dos servizos públicos de emprego correspondentes das comunidades autónomas, para as ocupacións ou especialidades relativas á actividade laboral prevista no contrato. No seu defecto, estará constituída polos contidos formativos determinados polas empresas ou comunicados por estas ao Servizo Público de Emprego Estatal, para os efectos da súa validación no marco do Sistema Nacional de Emprego.

Nos supostos previstos no parágrafo anterior, a duración da actividade formativa adecuarase ás características da actividade laboral que se vaian desempeñar, e respectará, en todo caso, o número de horas establecido polo Servizo Público de Emprego Estatal para as especialidades formativas adecuadas a esa actividade laboral.

Nos supostos previstos no parágrafo segundo, a formación inherente ao contrato deberá realizala a empresa directamente ou a través dos centros autorizados polo Servizo Público de Emprego Estatal e os servizos públicos de emprego das comunidades autónomas.

A cualificación ou competencia profesional adquirida a través do contrato para a formación e a aprendizaxe, nos supostos previstos no parágrafo segundo, será obxecto de acreditación nos termos previstos no artigo 11.2 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego.

Disposición transitoria terceira. *Aplicación de normas en materia de bonificacións.*

Sen prexuízo do disposto na disposición derogatoria única, letra c), serán de aplicación os artigos 9, 10 e 11 da Orde do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais do 14 de xullo de 1998, pola que se regulan aspectos formativos do contrato para a formación, ata a entrada en vigor da orde ministerial a que se refire o artigo 24.1.

Disposición transitoria cuarta. *Celebración de contratos para a formación e a aprendizaxe en relación coa taxa de desemprego.*

Será de aplicación aos traballadores menores de 30 anos o establecido no número 1 da disposición transitoria novena da Lei 3/2012, do 6 de xullo, sobre a non aplicabilidade do límite de idade para realizar contratos para a formación e a aprendizaxe nos termos alí expostos.

Disposición derogatoria única. *Alcance da derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido no presente real decreto, e expresamente as seguintes:

a) O capítulo II, as referencias aos contratos para a formación contidas no capítulo III, as disposicións adicionais segunda e terceira e a disposición derradeira primeira do Real decreto 488/1998, do 27 de marzo, polo que se desenvolve o artigo 11 do Estatuto dos traballadores en materia de contratos formativos.

b) O artigo 27 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego.

c) A Orde do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais do 14 de xullo de 1998, pola que se regulan aspectos formativos do contrato para a formación, e a Resolución do 26 de outubro de 1998, da Dirección Xeral do Instituto Nacional de Emprego, pola que se aproba o modelo de contrato para a formación e se ditan instrucións para o desenvolvemento e aplicación desa orde.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Os artigos 1.1 e 6 a 25, a disposición adicional primeira, a disposición adicional segunda, a disposición adicional cuarta, as disposicións transitorias primeira e terceira e a disposición derogatoria única, dítanse ao abeiro do título competencial previsto no artigo 149.1.7.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polos órganos das comunidades autónomas.

Os artigos 26 e 27 dítanse ao abeiro do título competencial previsto no artigo 149.1.17.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social, sen prexuízo da execución dos seus servizos polas comunidades autónomas.

Os artigos 1.2, 2, 3, 4 e 5 e 28 a 34 e a disposición adicional terceira dítanse ao abeiro do artigo 149.1.30.^a da Constitución, que reserva ao Estado a competencia para establecer a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais, así como as normas básicas para o desenvolvemento do dereito á educación, co fin de garantir o cumprimento dos deberes dos poderes públicos nesta materia.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento e execución.*

Autorízanse as persoas titulares dos ministerios de Emprego e Seguridade Social e de Educación, Cultura e Deporte, no ámbito das súas respectivas competencias, para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento deste real decreto.

Así mesmo, facúltase a persoa titular da Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal, no ámbito das súas competencias, para ditar cantas resolucións sexan precisas para a aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

1. Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

2. Sen prexuízo do disposto no número anterior, o establecido neste real decreto será de aplicación aos contratos para a formación e a aprendizaxe subscritos desde o 31 de agosto de 2011 no que non se opoña á normativa vixente no momento da celebración do contrato.

Dado en Madrid o 8 de novembro de 2012.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN